



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 2019000003592

## **RESOLUCIÓN Nº 27189/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA**

**Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña**

Por resolución da presidencia n.º 24150, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de enxeñería e arquitectura e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no dito prazo presentáronse as seguintes alegacións e desistencias das solicitudes:

\* Alberta Lorenzo Aspres solicitou a revisión da súa puntuación no apartado “Proxecto de investigación”.

Comprobada a acta da primeira reunión do tribunal, do 11 de xuño de 2019, constan os seguintes subcriterios de valoración do apartado de “proxecto de investigación”: 1) Interese da investigación (ata 3 puntos). Dentro de este apartado valórase a novidade e orixinalidade dentro da investigación na área de referencia (ata 1 punto), a utilidade e capacidade de incidencia nos ámbitos da área (ata 1 punto), e o grao ou nivel de repercusión social potencial e viabilidade da súa aplicación práctica (ata 1 punto) .2) Rigor na formulación do proxecto de investigación (ata 2 puntos). Dentro deste apartado valórase a claridade na identificación e xustificación do obxecto de investigación (ata 1 punto) e a coherencia entre os obxectivos, metodoloxía, recursos, accións e prazos para o desenvolvemento do proxecto.(ata 1 punto)

Con data 26/07/2019 o tribunal emitiu informe confirmando a puntuación acadada por Alberta Lorenzo Aspres no apartado de proxecto de investigación, o que foi notificado á interesada.

\* Esteban Sañudo Costoya presentou a renuncia da súa solicitude polo que se propón a adxudicación á primeira suplente Alberta Lorenzo Aspres

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

## **RESOLVO:**

**1.- Desestimar** as alegacións presentadas por Alberta Lorenzo Aspres.

**2.- Aceptar a renuncia** presentada por Esteban Sañudo Costoya..

**3.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** FUERTES DOPICO, ÓSCAR

Expediente: 2019000011743

Título do proxecto obxecto da bolsa: Valorización e estudo do patrimonio marítimo pre-industrial vinculado aos oficios do mar do bordo litoral da provincia da Coruña.

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** LORENZO ASPRES, ALBERTA

Expediente: 2019000010797

Título do proxecto obxecto da bolsa: Pioneiras (1940-1980): a arquitectura da primeira xeración de arquitectas galegas.

**4.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220190014228, por importe de 16.000 €.

**5.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Pinto Pérez, Adonay

**6.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.